

## 2. CENTRAL DE IMAXE MÉDICA

O obxectivo principal do proxecto é que a **imaxe médica estea dispoñible, con calidade diagnóstica, para todos os profesionais do Sergas** con competencias sobre ela, independentemente de onde se xerara.

Ademais, a través dun desenvolvemento organizativo de coordinación e xestión dos procesos asociados á imaxe médica, proporciónase:

- Acceso a funcións de **informado por parte do equipo de profesionais** que o precise dende o centro onde se atope (centros de referencia, segunda opinión, profesionais de referencia, xestión de continxencias no eido da imaxe, servizos de informado a terceiros).
- Acceso a funcións de informado **a través de dispositivos móbiles**, cando as características do estudo ou patoloxía o permitan.
- Xestión coordinada de **todos os datos relativos ás imaxes**, incluíndo a incorporación da información de doses xeradas nas áreas de radiodiagnóstico, medicina nuclear, radioterapia e hemodinámica ou radioloxía intervencionista.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, Vigo e Santiago de Compostela.